

# la voz de la escuela

www.prensaescuela.es



XOÁN A. SOLER

El periódico contiene muchas palabras cuyo significado quizá desconozcas, pero con el fichero que te proponemos no quedarán olvidadas en el diccionario, sino vivas en el aula

## La palabra del día

Las palabras clave son, con frecuencia, el principio, el resumen y el fin de la noticia

■ Basta con abrir el periódico por cualquier página, o con mirar la portada sin abrirlo. Incluso más: leer solo los títulos. ¿Cuántas palabras existen allí, en primera, de las que apenas seríamos capaces de hablar, diciendo algo coherente, durante un minuto? Sería una significativa prueba para un concurso escolar en eso que hoy se llama TED (Tecnología, Entretenimiento, Diseño) y que tanto éxito tiene entre los alumnos abundantes en palabras cuando se someten a la experiencia de hablar en público diciendo algo interesante y bien, premio incluido, que todo ayuda.

### TRES SIGNIFICADOS

Pues de palabras hablamos hoy, fijándonos en una noticia y considerando diversos aspectos que podemos tener en cuenta:

■ Primer, ¿cuáles serían las palabras que no entiendes, tanto en el título como en el texto? ¿Cuántas te salen?

■ De las palabras que existen, ¿cuál o cuáles serían las palabras que describen mejor la idea que se comunica en la noticia?

■ De esas elegidas, ¿cuál sería la palabra clave que te valdría para poner en el título? Este artículo trata de esto.

### TRES FICHEROS

■ Hay palabras cuyo hábitat es el Diccionario. El de la Real Academia Española contiene más de 88.000, con definiciones, descripciones de cada una de las palabras que allí residen en paz y sosiego.

■ Existen también palabras que se convierten en temas, que se estudian a fondo en enciclopedias como Wikipedia, que, en inglés, ocuparía unos 1.000 volúmenes con 1,2 millones de páginas y que necesitarían unos 80 metros de estanterías.

■ Y, por fin, y a eso vamos, existe el fichero de palabras-noticia: esto es, palabras que fueron soporte esencial de

los acontecimientos que los periódicos van comunicando cada día.

### MAPA MENTAL

*The New York Times*, con su antigua red de noticias para la escuela (Learning Network) estrena cada día una palabra. El 29 de abril estrenó, por ejemplo, *grievance* ('agravio, injusticia'), dando en primer lugar la definición del diccionario, explicando después un poco sus significados temáticos y, por fin, centrando la palabra en la noticia del día.

■ Su trabajo se centra, entonces, entre otras variantes, en un dinámico mapa conceptual que lleva el nombre de Visual Thesaurus. Allí se coloca la palabra del día y, en torno a ella, y de una manera viva, van apareciendo las palabras similares, sinónimos y antónimos, adjetivos, verbos que ilustran su sentido.

■ Pero no todo acaba ahí: cada palabra que aparece es susceptible de un nuevo pinchazo y el dinámico mapa mental

se convierte en otra araña de sentidos, hasta que uno quiera ponerle fin a tanto significado.

Cada una de estas palabras se convierten en *términos básicos* que, poco a poco, van encontrando su hábitat de reposo hasta que la escuela, profesores y alumnos, revivan esas palabras clave con sabor a noticia permanente.

### > ACTIVIDADES

1. Damos enlaces: Busca «New York Times, The Learning Network».
2. Después, «Word of the Day», la palabra del día.
3. Finalmente, Visual Thesaurus: <http://www.thinkmap.com/>
4. Para abrir el Fichero de todas las palabras, comienza con:
5. Y no te olvides de que, en El panel de la 2, buscamos noticias con palabras para iniciar tu fichero de Palabras con noticia.

> 4-5

As aves migratorias e os problemas ambientais



> 6

No centenario da Primeira Guerra Mundial



> 7

Algunas ideas sobre la homeopatía



VISITA LA WEB DE PRENSA-ESCUELA [www.prensaescuela.es](http://www.prensaescuela.es)

# O ficheiro de palabras noticia

Non son palabras dicionario (PAD) nin palabras enciclopedia (PAE), senón palabras noticia (PAN). Cando as buscas no ficheiro non che falan de etimoloxía e significado nin do tema que levan consigo, senón que che conectan cunha noticia,

son historia viva. Cinco na semana, 5; vinte no mes, 20; e no curso escolar unhas 200. ¿Paréceche pouco? Todos os días, de luns a venres, na Noticia do día do Programa Prensa-Escuela (www.prensaescuela.es). ¡Ánimo, pois!

Empezamos hoxe, a modo de exemplo, con palabras destacadas en grosa. Importante: As palabras de cada apartado non teñen que ir no mapa conceptual que se describe: é pura coincidencia de orde alfabética. > **Jesús Garrido** | cursosrepeducador.es



MARCOS CREO

Alumnos que participan no programa Voz Natura

## 1. PALABRA NÚCLEO

Corresponde ao mapa conceptual, onde a palabra crave colócase no centro e as aspas serven para buscar sinónimos explicativos do seu significado na noticia que representa.

- Accidentes: O primeiro ministro surcoreano dimite polo naufraxio do ferri Sewol (La Voz, 28/4/2014).
- Arqueoloxía: O val dos Reis regala outras 50 momias (La Voz, 29/4/2014).

- Antropoloxía: Achan os cambios xenéticos que separan ao «Sapiens» do neardental (La Voz, 18/4/2014).
- Artes plásticas: Este chinés (Pei Shen Qian) pinta como Pollock (La Voz, 28/4/2014)
- Bioloxía: Descifran o xenoma da mosca tsetse (La Voz, 24/4/2014).
- Ciencias naturais: Voz Natura gana o premio Energy Globe España (La Voz, 28/4/2014).

## 2. PALABRA COMPARATIVA

Pola parte superior da liña, á esquerda, escríbese unha palabra que se parece a outra que se escribe sobre a liña superior da dereita. Debaixo escríbense outras dúas palabras, unha á esquerda e outra á dereita. E dise: como esta palabra da esquerda parécese a esta da dereita, así («as», en inglés) estas dúas de abaixo parécense entre si.

- Cine: Oito apelidos vascos consegue o imposible e convértese no filme español máis recadador (27/4/2014).
- Cidadanía: O novo padrón resta nun ano outros 27.000 mozos a Galicia (La Voz, 23/4/2014).
- Conflitos: Os prorrusos sublevados asestan varios reveses ao Goberno de Kiev (La Voz, 28/4/2014).
- Deportes: Sen «sherpas» non hai Everest (La Voz, 23/4/2014).
- Economía: España é o sexto país da UE co recibo da luz máis caro (La Voz, 29/4/2014).
- Educación: Queremos preparar ao mestre para detectar altas capacidades (La Voz, 27/4/2014).

## 3. PALABRAS DE COINCIDENCIA PUNTUAL

A figura do mapa ten dous núcleos. En cada un colócase unha palabra diferente. Cada palabra ten os seus significados propios e diferentes; pero hai algo que as une, no que coinciden, representado polo círculo central, onde se escribe esa coincidencia.

- Física: Adrián Grille, do colexio Peleteiro, medalla de prata no Nacional de Física (La Voz, 6/4/2014).
- Gastronomía: Adeus á data de caducidade dos iogures (La Voz, 29/4/2014).
- Xeografía: Crece a presión migratoria en Melilla (La Voz, 20/4/2014).
- Xeoloxía: Un mapa recupera do abandono o patrimonio mineiro de Galicia (La Voz, 23/4/2014).
- Historia: Os grandes obxectivos do 25 de abril están lonxe de alcanzarse (La Voz, 23/4/2014).
- Lingua Estranxeira: A sección de Negreira da Escola Oficial impartirá quinto de Inglés (La Voz, 27/4/2014).



O estudante Adrián Grille

## 4. PALABRAS RAMIFICADAS

Son palabras que teñen subdivisións propias e independentes, con colgantes; pero a raíz fonte é a mesma: teñen o mesmo xene inicial, que se estende por distintos camiños e se ramifican.

- Lingua e Literatura: A poesía e ás traducións de Díaz Castro, homenaxeado no Día das Letras Galegas, chegan ás librerías (La Voz, 28/4/2014).
- Marítima: Tres naufraxios en 39 días marcan a costa da xarda máis luctuosa (La Voz, 18/4/2014).
- Matemáticas: As mates vanse de feira (La Voz, 23/4/2014).
- Meteoroloxía: As temperaturas superarán os 25 graos na ponte do 1 de maio (La Voz, 29/4/2014).
- Música: O tenor Carreras volve oito anos despois en O xuíz a cantar unha ópera completa (La Voz, 23/04/2014).
- Política: O Parlamento Europeo bota o peche ata as eleccións de maio (La Voz, 18/4/2014).

## 5. PALABRAS RÉMORA






Son palabras que se soben ao mesmo carro, van parellas, aínda que nunca se mesturan do todo. Ás veces son as que dan pé e conectan a realidade máis sublime coa verdade a nivel de terra.

- Química: O combustible solar xa é real (La Voz, 29/4/2014).
- Relixión: Dous papas ao altar e outros dous en San Pedro (La Voz, 28/4/2014).
- Saúde: A OMS está alarmada pola reaparición da polio (La Voz, 29/4/2014).
- Tecnoloxía: Sony vendeu desde novembro sete millóns de consolas PS54 (La Voz, 18/4/2014).
- Televisión: O Xabarín que revolucionou aos nenos galegos cumpriu 20 anos (La Voz, 27/4/2014).
- Turismo: Todos queren coñecer As Catedrais (La Voz, 18/4/2014).
- Zooloxía: Un ácaro é o animal máis rápido do mundo (La Voz, 29/4/2014).



XAIME RAMALLAL

Colas de turistas na praia das Catedrais



Gráficos correspondentes aos ficheiros de palabras núcleo, palabra comparativa, palabra de coincidencia puntual, palabras ramificadas e palabras rémora, por esta orde

# El motor del estudiante

La motivación es vital para el último esfuerzo en la recta final del curso

Llamamos motivación a esa fuerza que nos estimula a enfrentarnos a las tareas, incluidas las menos atractivas, con ganas de hacerlo bien. En el caso de los estudiantes ese motor interior les resulta fundamental para levantarse por las mañanas y llegar puntuales a clase, para estar atentos y receptivos en el aula y para continuar con las tareas escolares en casa. Además, ahora, a final de curso, deben aumentar ese esfuerzo para preparar los trabajos y exámenes finales. Es su principal herramienta de trabajo, capaz de convertir las cuevas arriba en alentadores retos.

El interés que ponen los hijos en los estudios es, está demostrado, un factor incluso más determinante que la propia capacidad intelectual. El esfuerzo, la perseverancia, el trabajo sistemático y el deseo de lograr un objetivo a medio o largo plazo es la clave para alcanzar el éxito. Esto es así incluso en el caso de alumnos con ciertas dificultades. De hecho, en todos los contextos escolares podemos encontrar estos dos extremos:

■ Alumnos brillantes a los que les falta la motivación y el interés por el trabajo académico: están apáticos, aburridos, no les encuentran el sentido a sus estudios y están en el aula por pura obligación.

■ Estudiantes sin grandes aptitudes para el estudio que a base de esfuerzo y horas consiguen salir adelante: tienen clara su meta y no paran hasta conseguirla. Su éxito está asegurado.

## 35 RAZONES PARA UN ESFUERZO FINAL

1. No tener que estudiar en verano.
2. No arriesgarme a repetir curso y tener que dejar a mis amigos para estar con los de un año menos.
3. Demostrar a mi chico o chica que además de guapo y simpático... también tengo buena cabeza.
4. Darles una alegría a mis padres: se lo merecen.
5. Conseguir ayudas económicas para ayudar a pagarme los estudios.
6. Tener la posibilidad de solicitar una beca para estudiar en el extranjero: ¡qué apetecible!
7. Tener más tiempo libre en el verano para hacer lo que más me gusta, que es...
8. Tener la opción, en un tiempo, de escoger los estudios universitarios que más me interesan.
9. Tener más oportunidades de conseguir plaza en el ciclo formativo que me apetece, y no tener que ir al que quedan plazas libres pero no me dice nada.



MARCOS MÍGUEZ

Con o sin ayuda tecnológica, llegó el momento del esfuerzo final

10. Ganar más dinero cuando sea mayor. Sin formación, no hay opciones.
11. Ser una persona culta, con conversación. Y no un cabeza de chorlito que solo sabe hablar de banalidades.
12. Dar un paso más hacia la profesión de mis sueños, que es...
13. Conseguir que mis padres dejen de echarme el sermón semanal sobre lo importante que es aprobar.
14. Demostrar a los demás que yo, incluso en condiciones adversas, nunca me rindo.
15. Ir más tranquilo a los exámenes: no soporto enfrentarme a ellos sabiendo que no los he preparado bien. ¡Me pongo muy nervioso!
16. Tener menos posibilidades de formar parte de las cifras del paro cuando sea mayor.
17. Que mis padres me compren eso que me han prometido...
18. Que confíen en mí y me dejen salir más.
19. Acabar el instituto cuanto antes.
20. Que me aumenten la paga semanal para pasar un verano divertido.
21. Ganarme el respeto de todos a mi alrededor.
22. Tener la opción de ligar con chicos y chicas con más formación, universitarios...
23. Ayudar a mis padres con el negocio en el verano, se lo merecen y llevan un mal año.
24. Evitarles a mis padres el tener que desembolsar un dinerito para pagarme una pasantía en verano.
25. Olvidarme de la pesadilla de los estudios por unos meses.
26. Dormir cada noche tranquilo, sabiendo que he cumplido con mi deber y sin remordimientos ni reproches familiares.
27. Que mis hermanos menores tengan un buen referente en mí y no el de una *bala perdida* que no se esfuerza y nunca hace nada bien.
28. Cuando apruebo y mejoro mi autoestima tengo menos granos, engordo menos y mi físico mejora. Está comprobado que el estrés y las preocupaciones perjudican el físico de una persona.
29. Es mejor acostumbrarme desde joven al triunfo que al fracaso. Los fracasados cuando van haciéndose mayores se convierten en personas tristes,

- infelices, pesimistas... que arruinan sus vidas y las de la gente que los rodean.
30. Conocer mis verdaderos límites. Es bueno saber que puedo llegar muy lejos; incluso cuando pienso que he llegado al límite, todavía puedo caminar más...
31. Empezar a ganar dinero pronto e independizarme de mi familia cuanto antes.
32. Evitar la depresión y el mal ambiente que me rodea. Mi familia, mi casa, mi colegio y mi barrio no es lo mejor que a uno le puede tocar. Estudiar me da esperanzas de mejorar el mundo que me rodea.
33. Los que me suelen aconsejar que sea un buen estudiante son las personas que más saben y más me quieren. Por algo será.
34. Porque me conviene, puedo y quiero.
35. Porque después de 34 razones tan contundentes, la verdad... sería de tonos no hacer un último esfuerzo.

> Ana T. Jack  
anatjack@edu.xunta.es

## ESCUELA DE PADRES

□ **TEMA DEL MES:** Los retos del final del curso.

□ **ETAPA:** Educación obligatoria y posobligatoria.

□ **LA FRASE:** «La motivación nos impulsa a comenzar y el hábito nos permite continuar» (Jim Ryun).

□ **COMPORTAMIENTOS QUE SE DEBEN EVITAR:** Desalentar a los hijos con comentarios del tipo: «Ahora es demasiado tarde para que intentes aprobar, ya tienes perdido el curso».

□ **ALGUNAS CLAVES:** Animar a los hijos hasta el final para que intenten hacer el mejor papel posible. Quizá no vayan a aprobar todo, pero siempre queda septiembre, o quizá al menos puedan aprobar algunas, o sacarse las asignaturas pendientes de otros cursos... Lo importante es tener un objetivo (realista).

□ **PARA SABER MÁS:** Cómo motivar a los niños a estudiar: <http://www.psicodiagnosis.es/areageneral/como-motivar-los-nios-a-estudiar/>



LAS HIPNÓTICAS  
GAFAS DEL TIEMPO

CON ELAS PUEDES VER LO QUE PASÓ EN UN DÍA... COMO HOY PERO MIL AÑOS

: TAL DÍA COMO HOY :

1829  
SE ESTRENA EN VIENA LA «NOVENA SINFONÍA», DE BEETHOVEN

1937  
LA PERLA MÁS GRANDE DEL MUNDO, «LAO-TZÉ», FUE ENCONTRADA EN FILIPINAS

1945  
SE FIRMA EN REIMS EL FIN DE LA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL EN EUROPA

1973  
«THE WASHINGTON POST», PREMIO PULITZER POR SU INVESTIGACIÓN EN EL WATERGATE



O coñecemento de como funciona o mundo é o primeiro paso para combater os riscos que afectan o medio ambiente

# As aves migratorias, en crise

A ciencia alértanos de como os cambios ambientais globais afectan a moitas especies viaxeiras, e da importancia deste aviso

Un dos moitos síntomas de que algo vai mal para a diversidade da vida do planeta é a paulatina desaparición dun dos fenómenos naturais máis espectaculares, fermosos e misteriosos: as migracións dos animais, e en especial das aves. A ciencia vénnos avisando desde hai poucas décadas de que o futuro non pinta ben para os grandes desprazamentos de norte a sur, e de volta despois, de ñus e cebras en África, renos en Norteamérica, baleas, tartarugas ou salmóns nos océanos... E de multitude de especies de aves a través de mares e continentes.

As migracións dalgúns animais seguen sendo un misterio. Por exemplo, a da anguía, que vén aos nosos ríos desde o mar dos Sargazos, no Caribe americano. Pero as doutros, sobre todo as das aves, son cada vez mellor coñecidas e estudadas, e confirman en demasiados casos esa tendencia. Un exemplo disto é o que estamos a comprobar este ano e o pasado a

través da recompilación de observacións e escoitas de cucos entre todos os lectores de La Voz de la Escuela, e coa colaboración da Sociedade Galega de Ornitología. Esta especie, outrora común en toda Galicia, é agora moi escasa nas comarcas do noso litoral. Non é a única. E a súa ausencia é un aviso que debemos escoitar.

Hai non moitos anos, os mineiros do carbón que traballaban a gran profundidade levaban consigo cada xornada ata as vetas máis profundas unha gaiola cun canario. Non era por gozar do seu canto e compañía, senón para que lles avisase en caso de perigo. O maior risco para quen han de gañarse a vida neses lugares é o escape repentino de gas grisú, capaz de provocar unha repentina e violenta explosión por mor de calquera faísca. Os canarios detectaban antes que ninguén ese gas, e mostraban ante el un inqueda comportamento e incluso desmaios. Ante estes sinais, os mineiros evacua-

ban a toda velocidade o lugar.

A desaparición das aves migratorias e as migracións en xeral é hoxe un aviso dese tipo. Os gases industriais que vimos liberando á atmosfera desde hai décadas, a contaminación de augas e chans, o uso abusivo de pesticidas, a substitución de áreas naturais por artificiais, a liberación de especies exóticas e tantos outros problemas ambientais globais son unha moi perigosa colección de riscos que todos os cidadáns do mundo, sexa cal for a nosa idade, debemos combater.

Hai moitos xeitos de facelo. É evidente que os máis poderosos decisores políticos, empresariais e financeiros son os máis responsables de adoptar medidas que empecen a pór fin a eses riscos. Pero non o é menos que calquera de nós, coa nosa actitude diaria, somos tamén capaces de inclinar a balanza na dirección adecuada. Por exemplo, limitando ao mínimo necesario o noso consumo de

enerxía, evitando comprar produtos cuxa fabricación dane á natureza, denunciando os desmáns ambientais, ou contribuíndo a coñecer mellor a nosa contorna a través de proxectos como este que nos está permitindo saber máis da saúde de mostras poboacións de cuco. E tamén estudando moito. Si: estudar é fundamental non só para coñecer como funciona o mundo, tanto o máis próximo a nós como todo o planeta no seu conxunto. Tamén o é para, entre outras cousas, saber cales son os seus problemas, e por suposto os seus misterios e as súas máis fermosas paisaxes e espectáculos naturais. E para poder, dentro de non moitos anos, contribuír a desvelar eses misterios e celebrar esas fermosuras. Por exemplo, as migracións das aves e outros animais. E para conservalas para sempre.

> **Antonio Sandoval Rey**  
asandovalrey@gmail.com

## A andoriña ave do ano

Cada vez quedánnos menos andoriñas comúns. Como a andoriña é un dos paxaros mellor encarnan a chegada da primavera. O seu regreso a principios de febreiro e marzo desde África aos nosos pobos e cidades foi sempre un sinal para quen vivimos neste continente. Un dos sinais máis claros de que as forzas da vida se puxeron máis en marcha e de que todos os campos están a piques de estar cheos de flores, bolboretas, grilos, e cantos de aves. Con todo, este ano regresan menos. Está probado que desde 1998 perdemos sempre unha paño nada menos que dez millóns de andoriñas. Isto motivou a Sociedade Española de Ornitología SEO/BirdLife teña no ano 2014 esta especie ave do ano. Na súa páxina web máis información acerca da andoriña e sobre como colaborar na súa conservación: <http://www.seo.org/golondrina2014/>

Como nos indican desde BirdLife, o que podemos facer polas andoriñas é moito máis do que parece: conservar os seus hábitats existentes, facilitarlles bañar e alimentarse na época de anidamento, conservar os edificios aleiros e super-



ÓSCAR CELA

# Os lectores preguntan sobre o cuco

Os lectores de La Voz de la Escuela, sempre cheos de curiosidade, veñen enviando durante esta primavera ao noso ornitólogo de garda todo tipo preguntas acerca do cuco. Hoxe eliximos estas dúas, coas súas respostas.



Gabilán (fot: NIGEL WEDGE) e cuco. O segundo imita á ave de presa para asustar aos seus depredadores

**Ruth Carreira (11 anos, CEIP A Doblada, Vigo)**  
**¿POR QUE O CUCO TEN UNHA PLUMAXE TAN PARECIDA A UNHA AVE DE PRESA?**

É algo parecido a un disfraz. Os cucos, é verdade (moi bo ollo, iparabéns, Ruth!), parécense bastante a primeira vista a un gabilán ou un azor, especies comúns nos nosos bosques e campiñas. A dieta destas dúas aves de presa consiste sobre todo en pequenos paxaros.

Algúns destes paxaros son, precisamente, as especies que elixen papá e mamá cuco como familia adoptiva para os seus ovos. Tras detectar un dos seus niños, o que fan é asustar aos seus ocupantes pasando xunto a eles. Alarmados ante a presenza dun posible depredador, os paxaros afástanse voando, ocasión que aproveita de inmediato mamá cuco para pór un ovo. A ciencia dedicou especial atención a esta característica dos cucos,

polo seu interese como exemplo da evolución das aves. Así é como descubriu que cada unha das especies de cuco ten un barreado no peito moi parecido ao dunha ave de presa común nas zonas do planeta en que viven, pero non a outras pouco habituais xusto alí. É dicir, que a evolución lles fixo especialmente parecidos aos depredadores que máis temen os paxariños do seu territorio en concreto.

## a común, en España

nos anos... os que... da pri... artir de... ica aos... sempre... ntinen... de que... un ano... dos os... xplorar... saltóns... o, cada... mouse... ó en Es... millóns... a que a... rnitolo... meado... España... web tes... a ando... na súa... eo.org/... e SEO/... s facer... máis do... s niños... rro na... nservar... erficies



Unha cría de andoriña rescatada en Boiro

resgardadas para que instalen eses niños de barro, colocar niños artificiais e, por suposto, denunciar a destrución dos seus niños cando así suceda. A partir de agora, cada vez que vexas unha andoriña pensa en todo isto, e ao mesmo tempo nas súas asombrosas viaxes, que no caso dalgunhas lles leva nada menos que ata Sudáfrica. ¡Boa viaxe, aínda que sexa coa imaxinación!



BS THURNER HOF / ERAN FRINKLE

O cuco real e corvo pequeno manteñen una particular forma de simbiose

**Pablo Carrera (13 anos, IES Castelao, Vigo)**  
**¿QUE SORPRENDENTE RELACIÓN SE DESCUBRIU HAI POUCO ENTRE UN TIPO DE CUCO QUE TEMOS EN ESPAÑA, CHAMADO CUCO REAL, E OS CORVOS PEQUENOS EN CUXOS NIÑOS PON O SEU OVO?**

O cuco real só aparece de forma regular no sur de Galicia, aínda que de cando en vez se ve no norte algún exemplar. Vén ao sur de Europa e Oriente Medio na primavera desde África. Unha das especies en cuxos niños pon os seus ovos é o noso típico corvo pequeno. Esta si é a especie de córvido máis común en Galicia. ¡Seguro que viches os seus grupos máis dunha vez! Pois ben, un traballo recentemente publicado na prestixiosa revista *Science* por investigadores das universidades

de Valladolid e Oviedo, entre outros, demostrou que a presenza de pitos adoptados de cuco real nos niños de corvo pequeno é un estupendo sistema de protección dos pitos do corvo contra posibles depredadores. ¿Como funciona esta asociación de intereses? Pois dunha forma tan sinxela como rechamante: cando se sente ameazado por un depredador, o pito de cuco real segrega unha substancia de cheiro nauseabundo, con numerosos compostos acedos e tóxicos, que invita a calquera a largarse. Este descubrimento chamou a atención de toda a comunidade científica, pois ao beneficiarse ambas as especies da súa relación non se pode falar exactamente de parasitismo, senón dunha forma de mutualismo. Aínda que, ao contrario que o cuco, o cuco real non expulsa do

niño aos pitos da súa familia adoptiva, si compite con eles polo alimento.  
 ■ Se che apetece saber máis acerca de todo isto, podes consultar esta información: (<http://bit.ly/1nGYct4>).  
 ■ E para saber máis sobre os cucos reais: ([www.vertebradosibericos.org/aves/clagla.html](http://www.vertebradosibericos.org/aves/clagla.html))  
 ■ Recorda que se queres saber máis acerca do cuco e o resto das nosas aves, as súas viaxes ou a súa conservación, podes escribir a [prensa-escuela@lavoz.es](mailto:prensa-escuela@lavoz.es). E non deixes de enviarnos observacións ou escoitas de cuco á mesma dirección. Xa sabes os datos que fan falta: o nome de quen o escoitastes, a hora, a data e o lugar (parroquia, municipio, provincia e coordenadas X e Y, se as coñeces), e cantos exemplares cantaban.

# Centenario dunha guerra terrible

A mecha que provocou o incendio foi un atentado terrorista

O próximo 28 de xuño cúmprese o primeiro centenario do atentado que sufriron en Saraievo os herdeiros do Imperio austro-húngaro, o arquiduque Francisco Fernando e a súa esposa Sofía. Estaban nunha visita oficial a Serbia cando un grupo terrorista pertencente á organización clandestina Man Negra atentou contra a comitiva. Os arquiduques viaxaban en coche descuberto para poder coñecer mellor a cidade. Os terroristas lanzaron unha bomba contra o coche, pero o propio Francisco Fernando tivo os reflexos de recollela e lanzala cara atrás. A explosión causou varios feridos, pero os arquiduques resultaron ilesos. Con todo, Francisco Fernando, despois de refuxiarse no Concello e de suspender os actos oficiais programados, decidiu dirixirse ao hospital onde se estaba atendendo aos feridos para interesarse por eles. No camiño o coche perdeuse e tivo que retroceder. Foi entón cando un dos membros do grupo terrorista, Gavriilo Princip, viulles, aproveitou a situación e disparou dúas balas que provocaron a morte de Francisco Fernando e de Sofía. Toda esta estraña sucesión de acontecementos pareceron demostrar, polo menos, unha moi deficiente organización da seguridade en torno ao herdeiro. Por iso o Goberno de Viena acusou directamente a Serbia da súa morte. Aínda que efectivamente a guerra tardou formalmente en estalar algúns días, porque houbo ultimatós e prazos, iso foi a faísca que provocou un incendio de colosais dimensións. As alianzas e as ganas de desquite foron levando a unha nación tras




JOHN WARWICK BROOKE

A Primeira Guerra Mundial caracterizouse pola inmovilidade dos exércitos nas trincheiras

outra a irse declarando a guerra coma se se tratase de fichas dun trágico dominó. Ninguén foi capaz de pór cordura e deter o estalido da conflagración máis grave da historia da humanidade ata aquel momento.

> **Fernando Pariente**



## > ACTIVIDADES

Este tema ten unha gran importancia para a historia do mundo moderno e, ao mesmo tempo, pode ter unha gran extensión e necesitar moito tempo de desenvolvemento. Recoméndase como actividade principal seguir o exposto no e-studo de noticias «Centenario de la Gran Guerra», que poderás baixar da web de Prensa-Escuela (<http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php>).

## A Primeira Guerra Mundial na web de Prensa-Escuela

A web de Prensa-Escuela, na súa sección e-studo de noticias, trata este tema dunha forma ampla e aplicada directamente á didáctica no titulado «Centenario de la Gran Guerra», que se pode descargar desde <http://www.prensaescuela.es/web/lecciones/index.php>. A guerra de 1914-18, chamada unhas veces a Gran Guerra ou Primeira Guerra Mundial, cambiou para sempre a historia do mundo e singularmente a historia de Europa. Un acontecemento de semellante magnitude pode ser estudado desde moi diversos puntos de vista que na web foron desenvolvidos.

## As causas

En primeiro lugar convén analizar a situación xeral do mundo no ano 1914 e as causas que provocaron a guerra. Adoitan citarse catro principais:

1. O imperialismo das grandes potencias, que se disputaban distintas partes do mundo para explotar os seus recursos naturais e asegurarse o abastecemento de materias primas e de mercados.
2. A carreira armamentística, que levava á produción de novas armas máis poderosas e sofisticadas, tanto no mar como na terra ou no aire.
3. As alianzas establecidas, que levaran a un equilibrio de poder inestable entre dous grandes bloques formados por unha banda entre os chamados imperios centrais (Alemaña e Austria-Hungría), aos que se asociaba o Imperio turco, e pola outra o Imperio británico, o ruso e Francia. Este equilibrio foi o que se alterou co ataque do Imperio austro-húngaro a Serbia despois de atentado de Saraievo.
4. As tensións nacionalistas no seo dos grandes imperios, sobre todo na zona dos Balcáns, sometidos aos turcos durante longos séculos e no seo do Imperio austro-húngaro. Cada unha destas causas merecería un estudo pormenorizado.

## Os nomes

En segundo lugar hai que pasar revista aos protagonistas da historia, aos personaxes que coas súas decisións influíron no devir dos acontecementos, nos políticos en primeiro lugar e nos militares despois.

Os responsables últimos de todo o que ocorreu foron os xefes dos Estados, a maioría emperadores como o kaiser de Alemaña, Guillerme II, o tsar de Rusia, Nicolás II, o emperador británico Jorge V, o vello emperador austro-húngaro Francisco José, pero tamén políticos influentes como David Lloyd George, primeiro ministro inglés, e xerais famosos como Moltke e Von Hindenburg no Exército alemán e os xerais Joffre e Pétain no Exército francés.

## Os feitos

En terceiro lugar é importante percorrer os acontecementos que se sucederon nas diversas fronteiras da guerra. As ofensivas máis importantes, as batallas, os avances e retrocesos, as rendicións, armisticios e tratados de paz. A guerra estivo chea de grandes enfrontamentos e foi moi sanguenta, a pesar de que as fronteiras se moveron moi pouco por mor das fortificacións e o asentamento dos exércitos en trincheiras difíciles de superar. Foron catro anos de pequenos

avances e retrocesos nos que se demostraron a eficacia de novas armas como os tanques, a guerra química, os lanzachamas, lanzagranadas, metralladoras lixeiras... mentres a aviación empezaba a desenvolverse, sobre todo en misións de observación. Pero ademais das batallas, ocorreron feitos transcendentais, como a Revolución rusa, que se desenvolveu en dúas fases, unha primeira en febreiro de 1917 e a segunda en outubro do mesmo ano.

## As consecuencias

Finalmente habería que contemplar as consecuencias que tiveron para o futuro do mundo aqueles trágicos acontecementos, que cen anos máis tarde seguen aínda configurando as nosas sociedades. Os dous grandes imperios centrais disolvéronse e perderon territorios. O Reich alemán converteuse na República de Weimar e o Imperio austro-húngaro na pequena República austríaca. No centro de Europa xurdiron varias nacións novas de dimensións reducidas. Desapareceron cabezas co-

roadas e familias reais, para aparecer repúblicas, políticos e eleccións. Con todo, as consecuencias sancionadas no tratado que puxo fin á guerra e foi assinado en Versalles, seguindo unha folla de ruta que trouxo baixo o seu brazo o presidente Wilson, líder da última nación que entrou no conflito, os Estados Unidos, non resolveu as tensións políticas existentes e co tempo converteuse na fonte de novos e máis graves conflitos que se revelaron 18 anos máis tarde, co estalido da Segunda Guerra mundial.

# Una filosofía de la salud

Los postulados más importantes de la homeopatía no se basan en la evidencia, sino en convicciones filosóficas

En febrero del 2010 el Comité de Ciencia y Tecnología de la británica Cámara de los Comunes concluía un informe con las siguientes palabras: «Hay suficientes estudios clínicos sobre homeopatía y evidencias contundentes de que no es eficaz». La homeopatía trabaja con ideas que son interesantes para la medicina actual (poner el interés sobre la persona en lugar de solo en la enfermedad), pero es una práctica sin fundamento científico, por lo que se considera una pseudociencia. Por eso se afianza en donde la medicina convencional muestra debilidades, como en las enfermedades psicósomáticas, reumáticas o alérgicas. Y una razón de su permanencia se puede encontrar en los errores con los que las personas argumentamos para construir nuestras opiniones; así se explica también la creencia en ovnis, poderes paranormales o influencias astrales.

## CIENCIA Y EXPERIMENTACIÓN

La ciencia sirve para explicar nuestro mundo sobre la base de pruebas experimentales en las que se apoya, y por eso es capaz de predecir acontecimientos. En general se construye de forma que los nuevos conocimientos no deben contradecir los que ya están bien asentados y avalados por numerosas evidencias. Pero cuando lo hacen el peso de sus pruebas debe ser aún mayor. Los dos postulados más importantes de la homeopatía no se basan en la evidencia, sino en convicciones filosóficas: lo similar se cura con lo similar y cuanto mayor es la dilución, mayor es el efecto. Según la primera, por ejemplo, para tratar el nerviosismo



ÓSCAR CELA

La investigación científica sigue procedimientos experimentales rigurosos

habría que emplear sustancias que lo provocan, como la cafeína; la fisiología humana demuestra que esto no es así, pues esta sustancia no provoca relajación; al contrario, tiene un efecto estimulante sobre el metabolismo y sistema nervioso central, incrementando el nivel de alerta y dificultando el sueño.

Respecto al segundo postulado, los preparados homeopáticos se confeccionan diluyendo la sustancia que

tiene actividad fisiológica (principio activo) hasta tal punto que llega a desaparecer del medicamento; en ocasiones, la dilución es tal que, para hacernos una idea, sería como disolver un gramo de sal en toda el agua de los océanos. El paciente que confíe en un preparado de este tipo tomará agua, alcohol o el medio que se emplee como disolvente, pero prácticamente nada del principio activo. Para explicar este hecho han inventado conceptos

esotéricos ajenos a la ciencia, como la memoria del agua: a través de esta idea, que no tiene base experimental, el disolvente conservaría un recuerdo del principio activo. De todas formas, este postulado significa que, si para un dolor de cabeza normal vale una aspirina, para uno muy intenso habría que tomar mucha menos cantidad.

> Fran Armesto

franarmesto@gmail.com

## Cuestión de pruebas

Los conocimientos científicos se construyen sobre pruebas (la sangre circula, la tierra gira, etcétera) que no son aisladas. La sangre, por ejemplo circula en todas las personas. La homeopatía aporta casos de curación como ejemplo de su buen hacer, pero eso no es prueba suficiente para definirse como científica. Además, sus resultados tampoco superan los que se podrían esperar a consecuencia de otras causas naturales, como no hacer nada o por el efecto placebo.

Por otro lado, establecer relaciones estadísticas entre el uso de la homeopatía y la curación no es una prueba. De poco sirve decir que un porcentaje de los pacientes tratados con homeopatía se llegan a curar. Existen numerosos y divertidos ejemplos matemáticos para ilustrar que estos estudios puedan dar pistas a la investigación, pero no deben emplearse para establecer relaciones



Samuel Hahnemann, médico sajón que inventó la homeopatía

de causa-efecto. Por ejemplo, que en un barrio con elevada mortalidad se consuma más leche no quiere decir que esta sea la causa; a lo mejor el barrio posee un elevado porcentaje de ancianos que mueren de forma natural. Así, la famosa revista médica *The Lancet* realizó en 1997 un análisis de diferentes investigaciones sobre productos homeopáticos y concluyó: «No encontramos suficiente evidencia de que la homeopatía sea claramente eficaz en ninguna condición clínica».

## Sano escepticismo

En el debate social sobre cuestiones científicas, recordemos que los humanos cometemos muchos errores al elaborar nuestras opiniones y valorar lo que sucede a nuestro alrededor. No solo los sentidos nos engañan con facilidad, también lo que parece lógico puede estar equivocado. Por eso conviene conocer algunos de los procedimientos que han descubierto los psicólogos que pueden llevarnos a errar. Por ejemplo, muchas personas no aceptan la incertidumbre y buscan desesperadamente respuestas en situaciones de necesidad, aunque estas no sean racionales. También tendemos a valorar mejor las opciones

que son más amables y positivas para nuestros deseos e intereses. La curación natural de muchas dolencias es origen de falsas atribuciones a comportamientos y productos. La llamada profecía autocumplida es otro comportamiento que tiende a engañarnos. Si tenemos una creencia, nuestra actividad se orienta hacia su confirmación, reforzándola e incrementando así la posibilidad de que se cumpla. En el 2009 el responsable de la farmacéutica multinacional Alliance Boots dijo: «Vendemos productos homeopáticos porque se venden, no porque funcionen».

Los argumentos científicos

que se emplean en este tema no van dirigidos contra nada ni nadie. Tan solo desean mantener la racionalidad en una cuestión importante de naturaleza científica, la salud, pero en la que también entran en juego intereses de otra naturaleza. Cualquiera de los científicos más incrédulos y escépticos estarían dispuestos a cambiar de opinión si las pruebas lo aconsejaban. Pero sería conveniente recordar una buena afirmación del divulgador Michael Shermer: «La gente lista cree en cosas raras porque está entrenada para defender creencias y afirmaciones a las que ha llegado por razones poco inteligentes».

## > ACTIVIDADES

En la sección Sala de profesores de la web de Prensa-Escuela ([www.prensaescuela.es/](http://www.prensaescuela.es/)) se puede acceder a numerosos e-studios de noticias. Son documentos con estructura de unidades didácticas cuyo objetivo es facilitar el uso en el aula de las noticias de actualidad.

Uno de estos estudios está dedicado a la homeopatía. Además de documentos de referencia, se propone una diversidad de actividades educativas. Esta es la dirección abreviada desde la que podrás acceder directamente al e-studio citado: (<http://bit.ly/1fs6DGn>).

# Aperitivo para o día das nosas letras

Galaxia celebra o 17 de maio coa publicación da poesía en galego de Díaz Castro

O sábado da vindeira semana será a festa grande das letras galegas, que este ano a Real Academia Galega dedica ao poeta de Os Vilares de Parga (Guitiriz) Xosé María Díaz Pardo, un autor de obra curta, moi curta, pero todo o influínte que se queira pensar e máis. E igualmente recoñecida.

Véñense publicando dende principio de ano, como é adoitado, estudos sobre o autor e reedicións e mais compilacións da súa obra, como ten que ser, que para iso, para evitar que autores e obras caian no esquecemento, se inventou a conmemoración. Menos falar e máis ler, podería ser o lema de datas como estas.

E para ledicia nosa veuse imprimir esta *Poesía galega completa* do guitiricense, que, da man do editor Armando Requeixo, publica a editorial Galaxia. Un libro necesario e conveniente por dúas razóns. A primeira, porque recolle moito do material editado que andaba espallado en revistas, algunhas de difusión limitada, ademais de abondoso material inédito. E a outra, porque o autor ten escrito tamén poesía noutras linguas e algunha prosa, co que compría delimitar este campo.

## AUTOR DE POCOS

Dedicado na súa madurez intelectual de cheo á súa profesión de tradutor, Díaz Castro só publicou en vida un

libro de versos, o titulado *Nimbos*. E non o tivera feito, sen dúbida, de non ser pola insistencia de Fernández del Riego ou Piñeiro, sobre todo, quen durante case cinco anos lle pediran o manuscrito. O primeiro dera a coñecer ao poeta na súa *Escolma de poesía galega* (Galaxia, 1955).

O libro, fundamental na lírica en galego de posguerra, coñeceu varias edicións (e modificacións) en vida do autor, e tamén tras o seu pasamento, en 1990. Deixou, amais, dous cadernos rematados antes da guerra: *Follas verdes* e *Follas ao aire*.

A *Poesía galega completa* que vén de publicarse ten un estudo preliminar do editor e se divide en dúas: poesía édita e inédita. A primeira inclúe *Nascida d'un sono*, o tríptico de sonetos co que gañara os Juegos Florales de Betanzos, os *Nimbos* e as composicións, case unha trintena, incluíndo algunhas póstumas, que o autor foi publicando en revistas, xornais e volumes colectivos e que non estaban, até agora, compiladas. A se-



gunda parte, recolle as *Follas verdes* e as *Follas ao aire* da mocidade e non poucos poemas que nunca se imprimiran. O volume péchase cunha escolma epistolar.

> Carlos Ocampo

## «Chove en Galiza»

Poderíamos elixir tantos poemas que se nos fai difícil defender que este que vén a continuación sexa máis representativo de Díaz Castro ou mesmo dalgunha das súas etapas. Non obstante, pensamos que o lector coincidirá con nós en que é moi acaído ao húmido, e galeguísimo, inverno no que vivimos mergullados este ano.

*Chove e máis chove, chove e rechove,  
chove na probe casa do probe,  
chove en Galiza, mais sen parar,  
chove na terra, chove no mar;  
bágoas dun pranto inestiñíbel,  
chove unha choiva inesquecibel;  
chove no esterco, chove nas rosas,  
chove nas vosas, chove nas nosas.  
Chove na esperanza que leva o vento,  
chove no amor e no tormento,  
chove no orfño que está a chorar,  
chove na moza que vai casar.*

*Chove na laxe e no laxeiro,  
chove no barro e no barreiro;  
chove na noite, chove no albor  
do novo día, «meu doce amor»;  
chove nas beiras e nas ribeiras,  
chove nas chousas, chove nas leiras.  
Chove nos condes, e nos marqueses,  
chove nos días, chove nos meses...*

(Publicado na revista *Dorna*, n.º 17, xaneiro de 1991)

**PROHIBIDO  
NO HABLAR  
EN CLASE**